

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.*

No punto 6º do artigo 126 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) establecécese que lles corresponde ás administracións educativas determinar o número total de membros do Consello Escolar e regular o proceso de elección, polo que, ao abeiro do establecido na disposición transitoria décimo primeira da LOE, dado que o devandito artigo remite a ulteriores disposicións regulamentarias que ainda non foron ditadas, son de aplicación as normas dese rango que o viñan sendo á data de entrada en vigor da LOE, sempre que non se opoñan ao disposto nela.

No Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, establecécese, no seu artigo 29, que o procedemento de elección dos membros do consello escolar dos centros públicos se desenvolverá no primeiro trimestre do curso académico que corresponda e dentro do período lectivo, e que a data de celebración das eleccións será fixada, cun mes de antelación, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Nos artigos 49 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobados polos decretos 374/1996, do 17 de outubro, e 324/1996, do 26 de xullo, respectivamente, e no artigo 11 do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, aprobado polo Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, establecécese que a elección do consello escolar e a súa constitución nos centros de nova creación se efectuará no mes de outubro, e que a primeira renovación do consello escolar se producirá ao cabo dun ano ou dous de maneira que coincide coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da comunidade autónoma.

Na Orde do 21 de outubro de 1996, pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do consello escolar nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, establecécese o procedemento de integración no consello escolar dos profesores, dos alumnos e dos pais dos alumnos de primeiro e segundo cursos da educación secundaria obligatoria que cursen estudos nun centro de primaria, e determinase a composición dos consellos escolares dos institutos de educación secundaria con menos de oito unidades.

No artigo 1 da Orde do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados, establecécese que o dito procedemento se realizará de acordo co regulamentado nesa orde e que nos aspectos non previstos nela haberá que atenerse ao establecido para os centros públicos no Decreto 92/1988, do 28 de abril, modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo.

Por corresponderlle no curso 2008-2009 a renovación dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos, esta dirección xeral, en uso da autorización que figura na disposición derradeira primeira do Decreto 92/1988, do 28 de abril,

### RESOLVE:

#### Artigo 1º

O obxecto desta disposición é fixar as datas para a elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar dos centros docentes sostidos con fondos públicos, así como ditar instrucións para o seu desenvolvemento.

#### Artigo 2º

1. As eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar celebraranse entre os días 24 e 28 de novembro de 2008, ambos os dous incluídos. Non obstante, co fin de fomentar a participación de todos os sectores implicados, é desexable que, dentro das posibilidades de cada centro, a xunta electoral fixe unha única data para as votacións correspondentes.

2. A xunta electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, constituirase entre os días 3 e 5 de novembro de 2008, ambos os dous incluídos.

3. De conformidade co establecido no artigo 31 b) do Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da xunta electoral concretar o calendario electoral. As xuntas electorais terán presente, en todo caso, que o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais.

#### Artigo 3º

Os centros que comezaron o seu funcionamiento no curso 2007-2008 levarán a cabo a primeira renovación do consello escolar prevista nos artigos 49 dos regulamentos aprobados polos decretos 374/1996 e 324/1996, no artigo 11 do regulamento aprobado polo Decreto 7/1999, e no punto 12 da Orde do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados, de acordo co calendario xeral previsto no artigo 2º desta resolución.

#### Artigo 4º

Para determinar os membros do consello escolar que deben ser renovados nos centros regulados polos decretos 374/1996 e 324/1996 terase en conta o establecido no punto 1 da disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, que modifica o artigo 40 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e o artigo 41 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

#### Artigo 5º

1. As eleccións para a primeira constitución do consello escolar nos centros que iniciaron o seu funcionamento no curso 2008-2009 celebraranse entre os días

27 e 31 de outubro de 2008, ambos os dous incluídos. Non obstante, co fin de fomentar a participación de todos os sectores implicados, é deseñable que, dentro das posibilidades de cada centro, a xunta electoral fixe unha única data para as votacións correspondentes:

- a) Para os centros de educación infantil, primaria e secundaria, de acordo coa orde desta consellería do 21 de outubro de 1996 (DOG do 22 de outubro).
  - b) Para os centros públicos integrados, no artigo 11 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro).
  - c) Para os centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e de educación de adultos, na orde desta consellería do 29 de outubro de 1996 (DOG do 4 de novembro), corrección de errores no DOG do 15 de novembro de 1996.
  - d) Para os centros privados concertados, na orde desta consellería do 28 de agosto de 1996 (DOG do 26 de setembro).

2. Nos centros aos que se refire o punto anterior, a xunta electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, constituirase entre os días 1 e 3 de outubro de 2008, ambos os dous incluídos.

Artigo 6º

Os centros en cada renovación parcial modificarán o número de membros do consello escolar en función do número de unidades que teñan nese momento.

Artigo 7º

Aos membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e aos electores que necesiten per-

miso laboral para o desempeño das súas obrigas seralles de aplicación o artigo 70.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio (DOG do 1 de xuño), da función pública de Galicia. Non obstante, o día ou os días en que se celebren as eleccións de representantes dos distintos sectores da comunidade educativa non poderán ser declarados non lectivos.

Artigo 8º

1. A acta do escrutinio da votación de cada mesa eleitoral, á que se refire o artigo 50 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, farase segundo o modelo que se publica como anexo I a esta resolución.

2. De conformidade co establecido no artigo 51 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, o director do centro, como presidente da xunta electoral, unha vez proclamados os candidatos elixidos, dará traslado das copias das actas de cada mesa electoral ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Logo da constitución do Consello Escolar, á que se refire o artigo 52 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, o director do centro remitiralle ao delegado provincial, antes do 20 de decembro de 2008, o formulario que se publica como anexo II a esta resolución.

Artigo 9º

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2008.

María José Pérez Mariño

## Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

## *ANEXO I*

## **ELECCIÓNES AO CONSELLO ESCOLAR CERTIFICACIÓN DO ESCRUTINIO**

Os que subscreiben, membros da Mesa Electoral correspondente á elección de representantes (1) \_\_\_\_\_ no Consello Escolar do Centro \_\_\_\_\_, CERTIFICAN: que a votación que tivo lugar o día \_\_\_\_\_ da data para a elección dos devanditos representantes ofrece os seguintes resultados:

	<u>Datos en letras</u>	<u>Datos en cifras</u>
Electores:	_____	_____
Votantes:	_____	_____
Papeletas nulas:	_____	_____
Papeletas en blanco:	_____	_____
<b>CANDIDATURAS ELIXIDAS</b>		<b>VOTOS OBTIDOS</b>
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
<b>CANDIDATURAS NON ELIXIDAS</b>		
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

Se é o caso, os empates foron resoltos de acordo co establecido no artigo 50 do Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG do 29 de abril) polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

E para que conste, asinamos a presente acta en \_\_\_\_\_, ás \_\_\_\_ horas do \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2008  
Visto e prace,  
O/A presidente/a O/A secretario/a O/A vogal

(1) Indicar, se é o caso, do profesorado, dos pais e nais, do alumnado ou do persoal de administración e servizos.

*ANEXO II***INFORME DE SEGUIMENTO DO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR\*****A.- DATOS DO CENTRO:**

DENOMINACIÓN:			
TITULARIDADE:	<input type="checkbox"/> PÚBLICA	<input type="checkbox"/> PRIVADA	
LOCALIDADE E CONCELLO:			
Número total de unidades/grupos.....			

**B.- RESUMO DO RESULTADO DAS VOTACIONS:**

NÚMERO DE ELECTORES CENSADOS POR CADA SECTOR			RESULTADOS POR CADA SECTOR											
PROFESSORADO	PAÍSE NAIS	ALUMNADO	PROFESSORADO	PAÍSE NAIS	ALUMNADO	CANDIDATOS/AS	VACANTES	VOTANTES	CANDIDATOS/AS	VACANTES	VOTANTES	CANDIDATOS/AS	VOTANTES	

**C.- COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO:**

Composición legal do Consello Escolar, segundo se recolle no Decreto 374/1996, Decreto 324/1996, Decreto 7/1999, Orde do 28-8-1996, Orde do 21-10-1996.	PROFESSORADO	PAÍSE NAIS	ALUMNADO	PERSONAL DE ADMINISTRAÇÃO E SERVIZOS	ALUMNADO	PERSONAL DE CONCELLO	REP. DAS EMPRESAS
Composición real do Consello Escolar constituído despois do proceso que se regula na Resolución do 29-2008 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.							

**D.- NO CASO DE NON CONSTITUTIRSE O CONSELLO ESCOLAR, SINALÉ AS CAUSAS:**

--

Visto e prace  
O/A director/a  
Asdo.: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2008  
O/A secretario/a

\* Remitir á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Servizo Provincial de Inspección Educativa) antes do día 20 de decembro de 2008.